

Á atención da Secretaria Xeral Beatriz Sestayo
Á atención da Comisión Executiva Local

Ferrol, a 31 de maio de 2015

Estimada Secretaria Xeral:

O pasado 24 de maio foron as eleccións municipais onde a nosa candidatura foi derrotada ao non conseguir os dous obxectivos que tiñamos marcados como partido: obter a Alcaldía e ser a lista máis votada da esquerda. Uns dous mil votos menos con respecto ás eleccións do 2011 e case a metade con respecto ás municipais do 2007. Ademais, é evidente que, fundamentalmente, perdemos os votos pola esquerda. E iso que nos axudou o ambiente de xerais e que temos un chan electoral moi sólido.

Creo que os cidadáns de Ferrol e os militantes da Agrupación Socialista Local merecían unha pronta resposta. Creo que tanto Mar Barcón como o compañeiro Paco Reyes si que a deron. E nós levamos xusto unha semana, para ao final facela un domingo ás dez da mañá (e lamento que a mantiveras para hoxe, sabendo que por motivos de traballo eu non podía asistir, xa que creo que como principal responsable da política municipal, algo tiña que dicir nesta tardía executiva).

En todo caso, penso que debemos asumir o veredicto dos cidadáns. De xeito tranquilo, pero responsable. E dende o máximo respecto ás persoas, o primeiro a salientar é que non todas nin todos teñen responsabilidades, nin as mesmas, na formación da candidatura, no desenvolvemento da campaña, nin no resultado electoral. O certo é que o "núcleo" da executiva arestora sodes ti, as compañeiras Paloma Rodríguez e Rosa Méndez, así como o coordinador da campaña, o compañeiro Bruno Díaz.

Considero que este resultado é a colleita dos vaivéns producidos tanto pola confrontación pública do grupo municipal contra a executiva, pero tamén porque no outono do 2013 decidíchedes abortar o proxecto colectivo "Traza Vermella" e arrinconarnos a aqueles que non estábamos por un hiperliderado unipersonal, que carecía dun rumbo concreto alén da ocupación do poder. Da renuncia ao proxecto de Traza, saíu ese "núcleo" que dende aquela tutela a executiva.

Vaia por diante que asumo a miña cota como secretario de política municipal da executiva. Non me exonera que ti souberas que eu non estaba de acordo coa inclusión nos postos de saída de persoas, que por diversos motivos, consideraba que non beneficiaban electoralmente ao partido na cidade, nin que eu non participara do comité de campaña local das municipais. Nin que xa na executiva local de abril de 2014 comunicara ao conxunto das compañeiras e compañeiros a miña decisión de non formar parte da candidatura municipal deste pasado 24 de maio de 2015.

Así, tamén, cando hai uns poucos meses someteuse a aprobación a lista definitiva, calei porque era a candidatura da candidata, pero tamén é certo que son un dos principais responsables de que hoxe sexas secretaria xeral da Agrupación.

Creo que hai que abrir un novo tempo político na agrupación e na cidade. Necesitamos dun proxecto de cidade hoxe inexistente e dun novo liderado colectivo. E por iso eu non vou ser un atranco. Presento a miña dimisión como membro da executiva local. Como secretario de política municipal é o que procede ante estes resultados electorais, á marxe de que considero que non son o responsable directo da derrota. Obviamente, mantéño a miña militancia de base na nosa Agrupación e sigo como membro do Comité Nacional Galego do PSdeG-PSOE, cargo para o que fun elixido nunha lista diferente á da executiva local.

Creo que hai que cumprir os compromisos adquiridos cos cidadáns (porque é a única forma de gañar credibilidade pública). Que debes abandonar o escano no Parlamento galego para encabezar o novo grupo municipal dado que ti es quen decidiuse por ese equipo. Creo, ademais, que debes facer un exercicio de transparencia e presentar ao conxunto da cidadanía as enquisas coas fichas técnicas que che outorgaban o liderado da cidade.

Así, tamén, é obvio que a ninguén se lle escapa que a nova corporación vai necesitar dunha dedicación especial pola súa fragmentación e complexidade. A miña opinión é que deberas dedicar os teus esforzos en exclusividade a esta función. A cidadanía merece que as e os candidatos cumpran coa palabra dada.

Finalmente, quero agradecer ás compañeiras e compañeiros da executiva local todo este tempo vivido. Sei que hai quen entende as miñas opinións e quen non. Pero, son moi consciente de que somos compañeiras e compañeiros, en moitos casos amigas e amigos, que volveremos a traballar a prol da nosa cidade e das nosas ideas socialistas.

Asdo. Manuel Cendán

Militante de base da Agrupación Socialista de Ferrol e membro do Comité Nacional de Galicia do PSdeG.